

CCOO consolídase como segunda forza no sistema universitario de Galicia

O 24 DE MARZO de 2011

houbo eleccións sindicais nas universidades da Coruña (UDC) e de Santiago de Compostela (USC).

Na UDC elixíronse 56 delegados entre a Xunta de Persoal de Administración e Servizos Funcionarios (PAS F), a Xunta de Persoal Docente e Investigador Funcionario (PDI F) e o Comité de Empresa do Persoal Docente e Investigador Laboral (PDI L). Os resultados reflíctense na táboa 1.

CCOO mantén o número de delegados/as en PDI e perde dous en PAS F. Hai que facer notar que no PDI L competía unha candidatura máis que no 2007 porque UGT non se presentara. No PAS L, CSIF substitúe a USO e houbo dúas candidaturas máis: UGT e APA.

Na USC elixíronse 98 delegados/as en todos os órganos de representación unitarios: Xunta de PAS F, comités do PAS L de Santiago e Lugo, Xunta de PDI F e comités do PDI L de Santiago e Lugo. Os resultados móstranse na Táboa 2.

Na USC, CCOO gaña catro delegados/as no PAS. No PAS L desenvolveuse unha boa acción sindical co persoal de capítulo 6, que traduciu no aumento de dous delegados, un en cada comité.

Entre as dúas universidades elixíronse un total de 149 delegados, que suman 12 máis que nos mesmos órganos de representación nas eleccións de 2007. Ver Táboa 3.

Pendientes das eleccións sindicais do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo, que se celebran o 11 de maio de 2011, CCOO consolídase como segunda forza no sistema universitario de Galicia.



Táboa 1. Resultados UDC do 24 de marzo 2011

UDC 2011	CCOO	CIG	CSIF	UGT	Outros	Total
PDI F	5	4	8	4		21
PDI L	4	3	6	4		17
PAS F	1	4	3	1	4	13
Total UDC	10	12	17	8	4	51

Táboa 2. Resultados USC do 24 de marzo 2011

USC 2011	CCOO	CIG	CSIF	UGT	otros	total
PDI F	5	8	5	5		23
PDI L Stgo.	5	5	3	4		17
PDI L Lugo	2	2	2	3		9
PAS F	4	7	0	2	3	17
PAS L Stgo.	8	8	0	7		23
PAS L Lugo	4	4		0	1	9
Total USC	28	34	10	21	5	98

Táboa 3. Resultados USC + UDC 2011

24 marzo 2011	CCOO	CIG	CSIF	UGT	otros	total
Total UDC + USC	38	46	27	29	9	149